CUARTO.- **Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación** por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, a licitación anunciarase no Perfil de Contratante do Concello (artigo 159.2 da LCSP).

9.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN AREIROS.

No lugar de Areeiros, na parroquia de Castiñeiras, existen varios camiños que presentan un pavimento asfáltico en moi mal estado, con importantes disgregacións e zonas encharcadas que supoñen un risco para a circulación, xa que todos eles soportan tráfico rodado. Por isto é necesario estender sobre estes camiños unha nova capa de aglomerado do tipo AC22 surf D de 6 cm de espesor para mellorar así as condicións de seguridade viaria na zona.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xuño/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 26.023,20 euros (orzamento base: 21.506,78 euros; IVE 21%: 4.516,42 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 21.506,78 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 23/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 05/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización de Costas de Galicia por estar en zona de servidume de costas.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 23/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/12/2018 (número de operación 2018 22025932), de retención de créditos





con cargo á aplicación orzamentaria 453.61934.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:

"1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra....."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xuño/2018, para as obras de **PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS EN AREIROS**, un orzamento total de licitación de 26.023,20 euros (orzamento base: 21.506,78 euros; IVE 21%: 4.516,42 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 21.506,78 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61934.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO CAUCE DO RÍO LISTRES

Tras numerosas inundacións producidas polo río Listres durante o pasado inverno e ante a petición veciñal de ampliación do colector de alivio do tanque de tormenta de Areiros, o Concello de Riveira preparou un "Estudio de alternativas para a modificación do punto de vertido da conducción de alivio do novo tanque de tormentas de Areiros", co fin





de buscar solucións á problemática de capacidade hidráulica e dificultade de mantemento do curso do río que se producen actualmente. Con esta actuación preténdense solucionar os problemas de estancamento e de inundacións que se producen no entorno do río Listres. Do estudio mencionado dedúcese que, actuando sobre o fondo del cauce do río Listres, podemos proporcionar unha pendiente continua ao mesmo que evite que se produzan estancamentos de auga na zona. Manterase o punto de desaugue actual, variando o trazado unicamente no entorno da pantalla de tablestacas, que ademais, será retirada. Con esta orientación a desembocadura estará máis protexida da acción do mar procedente do Sur, minimizando así o aporte de area á sección baixa do encauzamento.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data agosto/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 29.800,52 euros (orzamento base: 24.628,53 euros; IVE 21%: 5.171,99 euros), cun prazo de execución das obras de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 24.628,53 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 21/12/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 09/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización de Augas de Galicia, Costas de Galicia e Costas do Estado.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 21/12/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/12/2018 (número de operación 2018 22025931), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 172.62100.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:

"1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra....."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo





2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto/2018, para as obras de **ACONDICIONAMENTO DO CAUCE DO RÍO LISTRES**, un orzamento total de licitación de 29.800,52 euros (orzamento base: 24.628,53 euros; IVE 21%: 5.171,99 euros), cun prazo de execución das obras de 2 meses. (Valor estimado do contrato: 24.628,53 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 172.62100.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

11.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE BEIRARRÚAS E PLUVIAIS NA CAPELA.

No lugar da Capela onde se centra a actuación, nas proximidades do colexio de educación infantil, existe un tramo sen beirarrúas no que unicamente hai soleiras nos frontes das vivendas, a diferentes alturas e sen continuidade entre as mesmas, polo que os peóns circulan pola beiravía. Por isto é necesario realizar unha beirarrúa de 146,00 m de lonxitude para mellorar a seguridade viaria na zona. Ademais, instalárase unha rede de pluviais para a recollida das augas superficiais.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data abril/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 39.914,54 euros (orzamento base: 32.987,22 euros; IVE 21%: 6.927,32 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 32.987,22 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 23/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe vinculante favorable da Deputación da Coruña para a execución das obras de data 17/09/2018..
- 3) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 05/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase





as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización da Deputación da Coruña, titular da vía.

- 4) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 22/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 5) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 23/11/2018 (número de operación 2018 22023112), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453. 61932.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:

"1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra...."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data abril/2018, para as obras de **BEIRARRÚAS E PLUVIAIS NA CAPELA**, un orzamento total de licitación de 39.914,54 euros (orzamento base: 32.987,22 euros; IVE 21%: 6.927,32 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 32.987,22 euros)

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61932.





CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

12.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO ENTORNO DO CRUCE DO VILAR.

Actualmente a estrada DP-7301 na zona de Frións non dispón de canalización para a recollida de augas pluviais, o que provoca que todas estas augas discorran superficialmente pola beiravía cara á rotonda do Vilar, desviándose polo o ramal obxecto desta actuación e producindo frecuentes inundacións nas vivendas lindeiras. Para solucionar este problema é preciso recoller as augas superficiais da zona de Frións e canalizalas hasta a rotonda do Vilar, onde xa existe liña de pluviais.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data agosto/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 36.060,12 euros (orzamento base: 29.801,75 euros; IVE 21%: 6.258,37 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 29.801,75 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 09/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización da Deputación da Coruña, titular da vía.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 24/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/11/2018 (número de operación 2018 22023145), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60923.
- 5) Autorización da Deputación da Coruña para a execución das obras de data 12/12/2018.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:

"1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a





aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.....”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto/2018, para as obras de **INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO ENTORNO DO CRUCE DO VILAR**, un orzamento total de licitación de 36.060,12 euros (orzamento base: 29.801,75 euros; IVE 21%: 6.258,37 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 29.801,75 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60923.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

13.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE CONEXIÓN ENTRE RÚA CARQUEIXA E RÚA DAS ESCALEIRAS.

Actualmente nin a Rúa Carqueixa nin a Rúa das Escaleiras teñen saída. A Rúa das Escaleiras é unha vía moi estreita con numerosos pasos pola que non poden circular vehículos. A Rúa Carqueixa é unha vía aglomerada e de maior anchura pero que termina en fondo de saco. O saneamento desta rúa conecta co da Rúa das Escaleiras a través de propiedades particulares. O Concello de Riveira adquiriu dúas fincas en Rúa das Escaleiras para poder conectar esta calle con Rúa Carqueixa e proporcionar así, ante una emerxencia, un acceso rodado aos vehículos.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data agosto/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 22.302,64 euros (orzamento base: 18.431,93 euros; IVE 21%: 3.870,71 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 18.431,93 euros).





Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 05/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, non precisando autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 24/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/11/2018 (número de operación 2018 22023144), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61944.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:

"1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra....."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto/2018, para as obras de **CONEXIÓN ENTRE RÚA CARQUEIXA**





E RÚA DAS ESCALEIRAS, cun orzamento total de licitación de 22.302,64 euros (orzamento base: 18.431,93 euros; IVE 21%: 3.870,71 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 18.431,93 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61944.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

14.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA RÚA SIDREIRAS.

A Rúa Sidreiras non dispón na actualidade dun sistema para a recollida de pluviais, polo que as augas superficiais circulan pola vía afectando ás vivendas lindeiras. Para evitalo é preciso instalar unha rede de pluviais formada por un colector de PVC de 315 mm de diámetro de 210,00 m de lonxitude cos correspondentes pozos de rexistro e arquetas nos laterais da calzada.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data xuño/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 26.730,82 euros (orzamento base: 22.091,59 euros; IVE 21%: 4.639,23 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 22.091,59 euros).

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal municipal en data 05/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, non precisando autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 24/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra non é superior a 500.000 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/11/2018 (número de operación 2018 22023146), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60920.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Tendo en conta que o artigo 118 da LCSP establece:





“1. ...Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Do mesmo xeito requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra....”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Visto o artigo 131 da LCSP así como as súas disposicións adicionais segunda e terceira.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xuño/2018, para as obras de **INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NA RÚA SIDREIRAS**, cun orzamento total de licitación de 26.730,82 euros (orzamento base: 22.091,59 euros; IVE 21%: 4.639,23 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 22.091,59 euros).

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60920.

CUARTO.- Que se soliciten ofertas ao menos tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

15.- APROBACIÓN DE PREGO DE CONDICIÓN PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE SENDEIRO NO REGO PEDRÍN E RECUPERACIÓN DO SEU ENTORNO NO CONCELLO DE RIVEIRA (A CORUÑA).

Vista a proposta de contratación (contrato menor) para a “Redacción dun proxecto de acondicionamento dun sendeiro ao longo do rego Pedrín e de recuperación ambiental do seu entorno no Concello de Riveira”, asinada polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, e pola Concelleira Delegada de Parques e Medio Ambiente, Elvira Pereira Ageitos, en data 19/12/2018.

Visto que consta no expediente o “Prego de condicións para a redacción do proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Riveira (A Coruña) contemplado na Acción LA07 do proxecto “Más Riveira





Atlántica 2020”, do vector estratéxico Riveira+Turística, cofinanciado nun 80% por fondos FEDER, dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar o “Prego de condicións para a redacción do proxecto de acondicionamento de sendeiro no rego Pedrín e recuperación do seu entorno no Concello de Riveira (A Coruña) contemplado na Acción LA07 do proxecto “Más Riveira Atlántica 2020”, do vector estratéxico Riveira+Turística, cofinanciado nun 80% por fondos FEDER, dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) 2014-2020”

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Juan Manuel Pérez Cadaval**, de data 19/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.989), no que solicita a devolución de I.C.I.O., presentando desistimento expreso da solicitude de licenza de obras para construción de galpón en Vixán, 72 (Carreira).

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, e ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 20/12/2018, e ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 26/12/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- ACEPTAR O DESISTIMENTO EXPRESO PRESENTADO, DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARCHIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.

Segundo.- Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 240/2003, formulada por **Juan Manuel Pérez Cadaval**, coa seguinte contía: **163,14 €**.





Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Araceli Filgueira Piñeiro**, de data 17/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.829), no que solicita certificación urbanística relativa a que unha parcela situada en A Cerca (Aguíño) non invade a vía pública.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 21/12/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 8385304MH9088N0001BW

Personaos os Servizos Técnicos Municipais no lugar, encóntrase que a finca sobre a que se solicita informe, ten fronte á estrada da Cerca, vial cuxo titular é a Deputación Provincial da Coruña (CP 7306), no casco urbano de Aguíño.

A vivenda existente na finca se encontra sensiblemente alineada coas do entorno, e ten a fachada lindante directamente coas beirarrúas existentes da estrada da Cerca, non habendo ningún espazo intermedio entre elas.

Á vista de todos os datos recabados, se conclúe que a finca con referencia catastral 8385304MH9088N0001BW non invade a vía pública.

2.- Visto o escrito presentado por **Carla & Company Assets, S.L.**, de data 14/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.794), no que solicita certificación relativa á situación da tramitación das licenzas sobre un edificio de vivendas emprazado na Rúa Alcalde Fernández Bermúdez, esquina Praza do Concello (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/12/2018, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

En relación ó asunto de referencia de acordo cos datos facilitados polo solicitante, e feitas as oportunas comprobacións no arquivo do departamento de urbanismo, cómpre informar o seguinte:

1) Con data de 26 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de primeira ocupación ao edificio de vivendas; que consta de planta soto, planta baixa, entreplanta, 4 plantas altas e un ático, e emprazado da rúa Alcalde Fernández Bermúdez, esquina praza do Concello.





2) A licenza de primeira ocupación ten por obxecto comprobar que a edificación e as obras de urbanización ordinarias de fronte de parcela sen axustan ao proxecto autorizado no seu día, e a partires do cal se acordou conceder licenza de obras. Do mesmo xeito, garántase que o edificio reúne as condicións esixibles (habitabilidade, salubridade e accesibilidade) para uso ao que se destina.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

